



BASES DESFILE ENTROIDO 2017

CONCELLO DE A RÚA
Tablón de Edictos

Colocado el: 8 - FEBREIRO - 2017

Retirado el:

Primeira – Obxecto e finalidade

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para o GRAN DESFILE DE COMPARSAS ENTROIDO 2.015, CO OBXECTIVO de incentivar a participación.

Segunda – Aplicación orzamentaria

O crédito asignado está contemplado no Orzamento do Concello exercicio económico 2017, partida 338.226

Terceira – Participantes

Poderán participar no desfile todas as persoas co desexen independentemente da súa nacionalidade e lugar de residencia.

Faráselle entrega dunha axuda económica ás comparsas e foliós en función do número de compoñentes.

- 1.- **COMPARSA**: De 10 a 20 compoñentes: 80 euros.
- 2.- **COMPARSA**: De 21 a 30 compoñentes: 150 euros.
- 3.- **COMPARSA**: De 31 a 40 compoñentes: 250 euros.
- 4.- **COMPARSA**: De 41 a 50 compoñentes: 350 euros.
- 5.- **COMPARSA**: Máis de 50 compoñentes: 400 euros.
- 6.- **FOLIÓN**: De 21 a 30 compoñentes: 100 euros.
- 7.- **FOLIÓN**: Máis de 30 compoñentes: 300 euros.

3a.- Premios especiais

- As comparsas que leven un traxe con especial dificultade de elaboración terán unha bonificación de 50 euros.

- As carrozas, que tamén pola súa elaboración, aporten ao desfile unha especial vistosidade terán unha bonificación de 50 euros.



Concello A Rúa de Valdeorras
Praza José Antonio Míguez Freire nº 1
32350 - A RÚA (Ourense)
P-3207300-I

Teléfono 988 310 116
Fax 988 311 321

3b.-Requisitos

Para poder optar a dita axuda, as comparsas deberán estar compostas por un mínimo de 10 persoas.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aqueles en que concorran algunha das circunstancias as que se refire o apartado 2 do artigo 13 da Lei 38/2.003, Xeral de Subvencións.

Cuarta.- Solicitudes e Celebración do Desfile

4a.- Solicitudes

A solicitude deberá formalizarse mediante instancia dirixida á Ilma. Sr. Alcaldesa-Presidenta do Concello da Rúa de Valdeorras.

O prazo de inscrición rematará o luns 27 de febreiro de 2017 (inclusive), podendo presentarse a instancia, ben no rexistro xeral do Concello ou a través de calquera dos medios establecidos no art. 38 apartado 4º da Lei 30/92 de 26 de Novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4b.- Celebración do Desfile

O Desfile celebrarase o Martes día 28 de Febreiro de 2016, e o seu inicio está previsto ás 16:30 horas.

4c.- Comprobación

Durante o percorrido, faranse distintas comprobacións sobre o número de participantes das comparsas.

Quinta

A interpretación das bases corresponde exclusivamente ao Concello da Rúa.

O feito de participar no Desfile e presentar os traballos supón a conformidade dos concursantes coa totalidade das presentes Bases.

Os premios concederanse baixo o criterio do Xurado do Concello.



Concello A Rúa de Valdeorras
Praza José Antonio Míguez Freire nº 1
32350 - A RÚA (Ourense)
P-3207300-I

Teléfono 988 310 116
Fax 988 311 321

Sexta.- Réxime Xurídico.

No que non estea previsto nas presentes bases será a da Lei Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento.

Na Rúa, a 7 de Febreiro de 2017

A ALCALDESA

Asdo.- Dna. María González Albert

